



[[https://3.bp.blogspot.com/-m9\\_JTAiC-fM/WSKMXhkHT5I/AAAAAAAAAIw/7uAZWUcGVp8TuyTfDcsor53Pea6btMKKwCLcB/s1600/Gala-do-Libro-Galego-2017.gif](https://3.bp.blogspot.com/-m9_JTAiC-fM/WSKMXhkHT5I/AAAAAAAAAIw/7uAZWUcGVp8TuyTfDcsor53Pea6btMKKwCLcB/s1600/Gala-do-Libro-Galego-2017.gif)]

O sábado 20 de maio déronse a coñecer as obras e iniciativas culturais premiadas na II Gala do libro galego, onde se recoñecen os mellores traballos do ano 2016. Estas distincións, sen dotación económica, foron determinadas por un xurado externo sobre unha listaxe de obras finalistas elaborada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), a Asociación Galega de Editoras e da Federación de Librarías de Galicia, entidades organizadoras da Gala do Libro Galego 2017.

As obras gañadoras nas distintas categorías foron as seguintes:

#### **Ensaio**

*Labrego con algo de poeta. Biografía de Manuel María.* De Mercedes Queixas. Editorial Galaxia

#### **Tradución**

*Historia do nobre Ponto, que foi rei de Galiza e de Bretaña.* Anónimo. Tradución: Henrique Harguindey Banet. Rinoceronte Editora

#### **Proxecto literario na rede**

A Segá. Plataforma de Crítica Literaria

#### **Literatura infantil e xuvenil**

*Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta.* [<http://redelectura.blogspot.com.es/2016/11/jules-verne-e-vida-secreta-das-mulleres.html>] De Leticia Costas. Edicións Xerais de Galicia

#### **Iniciativa bibliográfica**

*Aulas sen paredes.* De Rosalía Fernández Rial. Edicións Positivas

#### **Iniciativa cultural ou de fomento da lectura**

Ciclo Vermú entre libros (Libraría Paz)

#### **Libro ilustrado**

*Canta connosco.* De Óscar Villán. Kalandraka Editora

#### **Teatro**

*Moito Morro Corporation, Sociedade Ilimitada.* [<http://redelectura.blogspot.com.es/2016/04/novas-de-teatro-infantil.html>] De Carlos Labraña. Editorial Galaxia

#### **Xornalismo Cultural**

Zig-Zag

#### **Narrativa**

*Todo canto fomos.* De Xosé Monteagudo. Editorial Galaxia

#### **Poesía**

*O cuarto das abellas.* De Antía Otero. Edicións Xerais de Galicia

Ademais, entregáronse os premios honoríficos de cada unha das entidades convocantes. A Federación de Librarías de Galicia outorgoullo á Libraría Platero, de Ourense; a Asociación de Galega de Editoras premiou e recoñeceu a traxectoria como editor de Ánxel Casal e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega concedeu o galardón "Escritora Galega Universal" á autora portuguesa Hélia Correia.